FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

# CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

## ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2022

ASISTENTES:
Presidente:
D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:
D. José Simoes Couceiro
Dª Raquel Caruncho Corral
Dª Yolanda Vázquez Busto
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
Dª Ángela Piñeiro Carrera
Dª. Manuela García Fachal
Dª Alejandra Bellón Tenreiro
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D. Luis Angel Díaz González.

A Secretaria xeral:
Dª Ana Ramos Ramos

A Interventora:
D. Lucía Varela Martínez

NON ASISTEN (xustificando ausencia):
Dª Rocío Souto Torre
D. Luis Pena Mosquera

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as nove horas e trinta e seis minutos do día dez de novembro de dous mil vinte e dous, xúntanse, en sesión extraordinaria e urxente do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral e a Interventora municipais.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

**1.-RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 10/11/2022**

A Secretaria municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

***<<PROPOSTA DE ACORDO***

***RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 10/11/2022***

*(Expediente TEDeC 2022/G006/000237)*

*Tendo en conta a necesidade da modificación de distintas ordenanzas fiscais municipais para a súa aplicación no exercizo orzamentario de 2023.*


RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

*Tendo en conta o procedemento establecido para a tramitación das ditas modificacións que requiren, logo da súa aprobación inicial, a apertura dun prazo de información pública e audiencia ás persoas interesadas, mínimo de 30 días, para a presentación de reclamacións e/ou suxestións; para logo resolvelas ou, elevar a definitivo o acordo e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.*

*Por todo o anterior, xustifícase a urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello de Pontedeume para o vindeiro día 10.11.2022, polo que, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte* ***PROPOSTA de ACORDO****:*

***PRIMEIRO****.- Ratificar a Urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 10/11/2022*

***SEGUNDO****.- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión dos asuntos:*

1. ***MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓNS SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRÁFICA***
2. ***MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA.***
3. ***APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 12, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.***
4. ***APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES>>***

Sen intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO,** por **UNANIMIDADE** das persoas membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Ratificar a Urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 10/11/2022

**SEGUNDO**.- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión dos asuntos:

1. **MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓNS SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRÁFICA**
2. **MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA.**
3. **APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 12, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**
4. **APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**2.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓNS SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRÁFICA.**

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

***«<u>PROPOSTA DE ACORDO</u>***

***MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓNS SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINAMETOGRÁFICA***

*En data 24 de xuño do 2021, adoptouse polo Pleno, en sesión ordinaria, entre outros, o acordo de aprobación inicial da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica do Concello de Pontedeume", mediante a introducción da disposición transitoria de suspensión temporal da vixencia de aplicación de ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográficos, a partir do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021*

*En data 3 de setembro do 2021, publicouse no BOP da Coruña (nº 168) a aprobación definitiva da modificación.*

*Con data 17 de agosto do 2022, dítase providencia de inicio para a modificación da suspensión transitoria das anteditas ordenanzas fiscais coa finalidade de manter a vixencia da suspensión temporal durante o ano ano 2022.*

*Compleméntase esta providencia coa que ordea a conversión de pesetas a euros da cota tributaria que non se levou a cabo en modificación anteriores e que será de aplicación no momento de finalización do período de suspensión.*

*Consta informe da Tesoureira municipal de data 20/09/2022*

*Consta no expediente texto definitivo da ordenanza coa modificación da Disposición transitoria, e do artigo correspondiente á cota tributaria coa conversión en euros das tarifas da taxa.*

*Consta informe xurídico preceptivo da Secretaría municipal de data 26/10/2022*

*Visto o informe de fiscalización da Intervención municipal, de* ***Ref.:*** *369/2022 de data 08/11/202, desfavorable.*

***PROPOÑO, para ser elevado á aprobación do Pleno da Corporación, o seguinte:***

***PRIMEIRO***. *- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinametográfica do concello de Pontedeume, nos seguintes aspectos que quedarán redactados como segue:*

***Artigo 5.º .-Cota tributaria.***

*1.-A cota tributaría determinarase pola aplicación da seguinte tarifa de 0,8294 euros/día, por cada metro cadrado ou fracción.*

*2.-O Concello poderá establecer, para determinada tempada, os terreos municipais de uso público, nos que permitirá a instalación de teatros, cinematógrafos, circos ou outros espectáculos e adxudica-los ditos terreos mediante licitación, conforme coas vixentes normas de contratación municipal.*

*3.-As adxudicacións faranse por tempada concreta, con expresión de data a data e, se a ocupación continuara pasado o último día, liquidaranse os días de prórroga proporcionalmente ó prezo ó que tivese sido adxudicada.*

*4.-Os dereitos fixados na tarifa anterior, así como o importe da adxudicación mediante subasta, enténdese pola concesión da ocupación, independentemente de que a actividade se leve ou non ó cabo, polo que non poderá concederse bonificación ningunha por causa de chuvias, restriccións no subministro de enerxía eléctrica ou calquera outra forza maior.*

***Disposición Transitoria.***

*Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación de ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográficos, a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.*

*Amplíase a vixencia da suspensión temporal do parágrafo anterior, dende o 1 de xaneiro do 2022 ata o 31 de decembro do 2022.*

***SEGUNDO***.*- Aprobar provisionalmente o texto refundido da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinametográfica do concello de Pontedeume, resultante das sucesivas modificacións do seguinte teor literal:*

*ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓNS SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRÁFICA.*

***Artigo 1.º .-Fundamento e natureza.***

*No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e de*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións situadas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, na que as súas normas atenden ó prevido no artigo 58 da citada Lei 39/88.*

***Artigo 2.º .-Feito impoñible.***

*Constitúe o feito impoñible desta taxa as utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local derivados da ocupación da vía pública ou terreos de uso público local con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.*

***Artigo 3.º .-Suxeito pasivo**.*

*Están obrigados ó pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:*

*1.-As persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias ou quen se beneficie dos aproveitamentos, se se produciu sen a oportuna autorización.*

***Artigo 4.º .-Responsabilidades.***

*1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarías do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.*

*.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaría.*

***Artigo 5.º .-Cota tributaria.***

*1.-A cota tributaría determinarase pola aplicación da seguinte tarifa de 0,8294 euros/día, por cada metro cadrado ou fracción.*

*2.-O Concello poderá establecer, para determinada tempada, os terreos municipais de uso público, nos que permitirá a instalación de teatros, cinematógrafos, circos ou outros espectáculos e adxudica-los ditos terreos mediante licitación, conforme coas vixentes normas de contratación municipal.*

*3.-As adxudicacións faranse por tempada concreta, con expresión de data a data e, se a ocupación continuara pasado o último día, liquidaranse os días de prórroga proporcionalmente ó prezo ó que tivese sido adxudicada.*

*4.-Os dereitos fixados na tarifa anterior, así como o importe da adxudicación mediante subasta, enténdese pola concesión da ocupación, independentemente de que a actividade se leve ou non ó cabo, polo que non poderá concederse bonificación ningunha por causa de chuvias, restriccións no subministro de enerxía eléctrica ou calquera outra forza maior.*

***Artigo 6.º .-Exencións e bonificacións.***

*Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pago da taxa.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***Artigo 7.º .-Obriga de contribuír.***

*1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, que orixina o dereito de cobro:*

*a) Tratándose de concesións de inicios aproveitamentos de vía pública, no momento no que se inicie o uso privativo ou aproveitamento especial, anque poderá esixirse o depósito previo do seu importe total ou parcial, tal e como sinala o artigo 26.1 a) da LRFL, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo.*

*b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o un de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, caso no que o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte prorrateo da cota por trimestres naturais.*

***Artigo 8.º .-Normas de xestión.***

*1.-As cantidades esixibles de acordo coa tarifa, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.*

*2.-a) As localizacións, instalacións, postos, etc. poderán sacarse a licitación pública e o tipo de licitación en concepto de taxa mínima que servirá de base, será a contía fixada na tarifa desta ordenanza.*

*b) Procederase, con antelación á subasta, á formación dun plano dos terreos dispoñibles para ser subastados, numerando as parcelas que teñan que ser obxecto de licitación e indicando a súa superficie. Así mesmo, indicaranse as parcelas que poidan adicarse a coches de choque, circos, teatros, bares, restaurantes, polbería, quincallerías, etc.*

*3.-a) As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamento regulados nesta ordenanza e non sacados a licitación pública deberán solicitar, previamente á correspondente licencia, realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 7.1 a) desta ordenanza e formular declaración na que conste a superficie que se pretende ocupar e a súa situación dentro do municipio.*

*b) Os servicios técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias; se se desen diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.*

*c) En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.*

*4.-Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se teña aboado e obtido polos interesados a licencia correspondente, de conformidade co estipulado no artigo 26.1 a) da LRFL.*

*5.-As autorizacións terán o carácter de persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licencia, sen prexuízo das contías que correspondan aboar ós interesados.*

***Artigo 9.º .-Declaración de ingreso.***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*1.-As utilizacións privativas e aproveitamentos especiais derivados da ocupación da vía pública ou terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica suxeitas a esta taxa levaranse ó cabo a instancia de parte.*

*2.-O pagamento desta taxa realizarase:*

*a) Tratándose de concesións de novo aproveitamento, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso directo, unha vez concedidas as correspondentes licencias, na Tesourería municipal ou onde establecese o Concello, pero sempre antes de retira-la correspondente licencia.*

*Este ingreso terá carácter de depósito previo de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 39/1988, do 28 de decembro.*

*b) Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso por recibo, nas oficinas da Recadación municipal ou entidades colaboradoras sinaladas para o efecto e durante o prazo establecido polo Concello no seu calendario fiscal.*

***Artigo 10.º .-Infraccións e sancións.***

*En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sanción que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.*

***Disposición Transitoria.***

*Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación de ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográficos, a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.*

*Amplíase a vixencia da suspensión temporal do parágrafo anterior, dende o 1 de xaneiro do 2022 ata o 31 de decembro do 2022.*

***Disposición final.***

*A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 24 de setembro de 1998, entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

***TERCEIRO.*** *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados, segundo establece o artigo 18 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

*Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.pontedeume.gal*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***CUARTO.*** *Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo ata entón provisional, é definitivo, en base ao establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sen necesidade de novo acordo plenario.*

***QUINTO.-*** *Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido da Ordenanza fiscal, publíquese no taboleiro de anuncios do concello, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e na sede electrónica deste concello. Así mesmo, o devandito acordo de aprobación definitiva notificarase a aqueles interesados que presentasen alegacións, de ser o caso.*

***SEXTO.-*** *Que o acordo e o texto da Ordenanza fiscal, comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro*

***SÉTIMO****.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.»*

A presidencia abre a quenda para o debate

**Toma a palabra don Daniel Ríos Fernández**, Concelleiro de Economía e Facenda, indicando que se non hai inconvenientes explicará as catro propostas conxuntamente.

Pide tamén desculpas pola urxencia, por traer estas modificacións sen ir a comisión; que a problemática que existe no departamento de tesouraría, cunha tesoureira acumulada con outro concello, co só o 30 % da xornada, non se da chegado a todo.

Continua dicindo que en relación ao punto 1 e 2 da orde do día, ordenanza dos postos do feirón e ordenanza de terrazas, xa se explicou no pleno dos orzamentos municipais do 2022 que o goberno quería non cobrar este ano ditas taxas, tamén motivado polo plan de axudas que se puxo en marcha para paliar a crise do COVID-19. Galicia ata abril deste ano aínda tivo restricións na hostalaría e tamén nos trasladan que a crise enerxética os está afogando economicamente. Indica que é un compromiso adquirido con “UCOA” e cos comerciantes do feirón municipal.

Continua agora coa modificación da ordenanza fiscal núm. 12 de  vehículos de tracción mecánica, e  di que se establece unha bonificación do 50% para os coches híbridos, eléctricos, e que a nivel de recadación non vai afectar practicamente nada pero creen que é unha maneira de incentivar a adquisición deste tipo de vehículos

Remata explicando a modificación da ordenanza fiscal núm.13 do IBI, indica que actualmente había unha exección que consideran moi inxusta porque era en función do valor catastral da vivenda e pasase a unha exención en función do nivel de renda; vaise ao máximo que permite a Lei, 90% para bonificación de núcleo familiar que non supere o IPREM e ao 50% de familias que non superen o IPRE, multiplicado por 2.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Toma a palabra don Santiago José Rodríguez Piñeiro**, concelleiro do Partido Popular, para preguntar se esa bonificación que é para familias numerosas non se pode estender as familias vulnerables.

**Toma a palabra o Sr. Alcalde** para indicar que a Lei non permite introducir bonificacións non previstas na Ley, que dende os servizos sociais, a través da emerxencia social colaborase con esas familias vulnerables para o pago dos recibos.

**Toma a palabra don Luís Ángel Díaz González**, concelleiro do PP para preguntar se os comerciantes que ocupan os postos do feirón están cumprindo a legalidade, porque se suspenden a taxa pode aparecer calquera a poñerse no feiron, se non hai un control.

**Responde dona Ángela Piñeiro Carrera**, concelleira do Partido Socialista de Galicia, e indica que o feirón está controlado no sentido de que pode vir un familiar de primeiro grado de consanguinidade ou afinidade, revisado con toda a documentación e hai un control por parte da Policía Local durante as xornadas do feirón.

O Sr. Alcalde indica que por desgracia non hai tantos postos, xa que aquí a venda é principalmente pola mañá e é dificil competir con outros feiróns que teñen máis venda pola tarde, e obriga a desmontar o posto. Ademáis a competencia que para este tipo de vendas fai os centros comerciais e o ocio de tarde neles. Se tentan facer actividades para atraer xente pero as dinámicas de vendas, mudaron, engadido polos controis sanitarios que trouxeron restricións ás vendas dos produtos de proximidade.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO,** por **UNANIMIDADE** das persoas membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**. - Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica do concello de Pontedeume, nos seguintes aspectos que quedarán redactados como segue:

**Artigo 5.º .-Cota tributaria.**

1.-A cota tributaría determinarase pola aplicación da seguinte tarifa de 0,8294 euros/día, por cada metro cadrado ou fracción.

2.-O Concello poderá establecer, para determinada tempada, os terreos municipais de uso público, nos que permitirá a instalación de teatros, cinematógrafos, circos ou outros espectáculos e adxudica-los ditos terreos mediante licitación, conforme coas vixentes normas de contratación municipal.

3.-As adxudicacións faranse por tempada concreta, con expresión de data a data e, se a ocupación continuara pasado o último día, liquidaranse os días de prórroga proporcionalmente ó prezo ó que tivese sido adxudicada.

4.-Os dereitos fixados na tarifa anterior, así como o importe da adxudicación mediante subasta, enténdese pola concesión da ocupación, independentemente de que a actividade se leve ou non ó cabo, polo que non poderá concederse bonificación ningunha por causa de chuvias, restricións no subministro de enerxía eléctrica ou calquera outra forza maior.

**Disposición Transitoria.**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación de ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográficos, a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Amplíase a vixencia da suspensión temporal do parágrafo anterior, dende o 1 de xaneiro do 2022 ata o 31 de decembro do 2022.

**SEGUNDO**.- Aprobar provisionalmente o texto refundido da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinametográfica do concello de Pontedeume, resultante das sucesivas modificacións do seguinte teor literal:

**"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓNS SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRÁFICA.**

**Artigo 1.º .-Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións situadas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, na que as súas normas atenden ó prevido no artigo 58 da citada Lei 39/88.

**Artigo 2.º .-Feito impoñible.**

Constitúe o feito impoñible desta taxa as utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local derivados da ocupación da vía pública ou terreos de uso público local con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

**Artigo 3.º .-Suxeito pasivo**.

Están obrigados ó pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1.-As persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias ou quen se beneficie dos aproveitamentos, se se produciu sen a oportuna autorización.

**Artigo 4.º .-Responsabilidades.**

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarías do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaría.

**Artigo 5.º .-Cota tributaria.**

1.-A cota tributaría determinarase pola aplicación da seguinte tarifa de 0,8294 euros/día, por cada metro cadrado ou fracción.

2.-O Concello poderá establecer, para determinada tempada, os terreos municipais de uso público, nos que permitirá a instalación de teatros, cinematógrafos, circos ou outros espectáculos e adxudica-los ditos terreos mediante licitación, conforme coas vixentes normas de contratación municipal.

3.-As adxudicacións faranse por tempada concreta, con expresión de data a data e, se a ocupación continuara pasado o último día, liquidaranse os días de prórroga proporcionalmente ó prezo ó que tivese sido adxudicada.

4.-Os dereitos fixados na tarifa anterior, así como o importe da adxudicación mediante subasta, enténdese pola concesión da ocupación, independentemente de que a actividade se leve ou non ó cabo, polo que non poderá concederse bonificación ningunha por causa de chuvias, restriccións no subministro de enerxía eléctrica ou calquera outra forza maior.

**Artigo 6.º .-Exencións e bonificacións.**

Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pago da taxa.

**Artigo 7.º .-Obriga de contribuír.**

1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, que orixina o dereito de cobro:

a) Tratándose de concesións de inicios aproveitamentos de vía pública, no momento no que se inicie o uso privativo ou aproveitamento especial, anque poderá esixirse o depósito previo do seu importe total ou parcial, tal e como sinala o artigo 26.1 a) da LRFL, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o un de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, caso no que o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte prorrateo da cota por trimestres naturais.

**Artigo 8.º .-Normas de xestión.**

1.-As cantidades esixibles de acordo coa tarifa, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.

2.-a) As localizacións, instalacións, postos, etc. poderán sacarse a licitación pública e o tipo de licitación en concepto de taxa mínima que servirá de base, será a contía fixada na tarifa desta ordenanza.

b) Procederase, con antelación á subasta, á formación dun plano dos terreos dispoñibles para ser subastados, numerando as parcelas que teñan que ser obxecto de licitación e



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

indicando a súa superficie. Así mesmo, indicaranse as parcelas que poidan adicarse a coches de choque, circos, teatros, bares, restaurantes, polbería, quincallerías, etc.

3.-a) As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamento regulados nesta ordenanza e non sacados a licitación pública deberán solicitar, previamente á correspondente licencia, realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 7.1 a) desta ordenanza e formular declaración na que conste a superficie que se pretende ocupar e a súa situación dentro do municipio.

b) Os servicios técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias; se se desen diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

c) En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

4.-Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se teña aboado e obtido polos interesados a licencia correspondente, de conformidade co estipulado no artigo 26.1 a) da LRFL.

5.-As autorizacións terán o carácter de persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licencia, sen prexuízo das contías que correspondan aboar ós interesados.

**Artigo 9.º .-Declaración de ingreso.**

1.-As utilizacións privativas e aproveitamentos especiais derivados da ocupación da vía pública ou terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica suxeitas a esta taxa levaranse ó cabo a instancia de parte.

2.-O pagamento desta taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novo aproveitamento, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso directo, unha vez concedidas as correspondentes licencias, na Tesourería municipal ou onde establecese o Concello, pero sempre antes de retira-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

b) Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso por recibo, nas oficinas da Recadación municipal ou entidades colaboradoras sinaladas para o efecto e durante o prazo establecido polo Concello no seu calendario fiscal.

**Artigo 10.º .-Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sanción que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**Disposición Transitoria.**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación de ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográficos, a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Amplíase a vixencia da suspensión temporal do parágrafo anterior, dende o 1 de xaneiro do 2022 ata o 31 de decembro do 2022.

**Disposición final.**

A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 24 de setembro de 1998, entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.”

**TERCEIRO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados, segundo establece o artigo 18 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.pontedeume.gal

**CUARTO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo ata entón provisional, é definitivo, en base ao establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sen necesidade de novo acordo plenario.

**QUINTO.-** Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido da Ordenanza fiscal, publíquese no taboleiro de anuncios do concello, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e na sede electrónica deste concello. Así mesmo, o devandito acordo de aprobación definitiva notificarase a aqueles interesados que presentasen alegacións, de ser o caso.

**SEXTO.-** Que o acordo e o texto da Ordenanza fiscal, comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro

**SÉTIMO**.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**3.-MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

Dase lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

«***PROPOSTA DE ACORDO***

***MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA.***

*En data 10 de novembro do 2020, publicouse no BOP Nº 190, a aprobación definitiva da modificación da Disposición final da Ordenanza Fiscal número 7, reguladora da taxa de ocupación de terreos de uso público, por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa do concello de Pontedeume, para engadir a suspensión temporal da vixencia de aplicación de dita Ordenanza a partir do un de xaneiro do 2020 ata o 31 de decembro do 2020.*

*En data 24 de xuño do 2021, adoptouse polo Pleno, en sesión ordinaria, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación das anteriores Ordenanzas fiscais, mediante a introdución dunha Disposición transitoria para a suspensión temporal da vixencia de aplicación das mesmas, a partir do 1 de xaneiro do 2021 ata o 31 de decembro do 2021.*

*En data 3 de setembro do 2021, publicouse no BOP da Coruña (nº 168) a aprobación definitiva da modificación.*

*Con data 17 de agosto do 2022, dítase providencia de inicio para a modificación da suspensión transitoria das anteditas ordenanzas fiscais coa finalidade de manter a vixencia da suspensión temporal durante o ano ano 2022. Compleméntase esta providencia coa que ordea a conversión de pesetas a euros da cota tributaria que non se levou a cabo en modificación anteriores e que será de aplicación no momento de finalización do período de suspensión.*

*Consta informe da Tesoureira municipal de data 20/09/2022*

*Consta no expediente texto definitivo da ordenanza coa modificación da Disposición transitoria, da Disposición Final e do artigo correspondiente á cota tributaria coa conversión en euros das tarifas da taxa.*

*Consta informe xurídico preceptivo da Secretaría municipal de data 26/10/2022*

*Visto o informe de fiscalización da Intervención municipal, de* ***Ref.:*** *369/2022 de data 08/11/202, desfavorable.*

***PROPOÑO, para ser elevado á aprobación do Pleno da Corporación, o seguinte:***

**PRIMEIRO***. - Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de ocupación de terreos de uso público, por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*finalidade lucrativa do concello de Pontedeume, nos seguintes aspectos que quedarán redactados como segue:*

***Artigo 5.º .- Cota tributaria.***

*1.-A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza consistirá na cantidade resultante de aplica-las tarifas sinaladas na liña seguinte.*

*2.-As tarifas da taxa serán as seguintes:*

*Categoría de rúas.*

*Valor mercado/mes.*

*Primeira: praza e rúa Real Mesas e cadeiras: 25,2425 euros/ud. Barrís: 6,0101 euros/ud.*

*Outros elem. Aux.: 10,0970 euros/m2.*

*Segunda: resto do caso histórico e Avda. da Coruña, Avda. Saavedra Meneses, praza do Conde e*

*Avda. Lombardeiro Mesas e cadeiras: 22,3877 euros/ud.*

*Barrís: 5,1086 euros/ud.*

*Outros elme. Aux.: 8,9551 euros/m2 Terceira: resto do municipio*

*Mesas e cadeiras: 9,5561 euros./ud. Barrís: 3,0051 euros/ud.*

*Outros elme. Aux.: 3,8224 euros/m2 Categoría de rúas*

*Valor mercado/día Primeira: praza e rúa Real*

*Mesas e cadeiras: 0,8414 euros/ud. Barrís: 0,1983 euros/ud.*

*Outros elem. Aux.: 0,3366 euros/m2.*

*Segunda: resto do caso histórico e Avda. da Coruña, Avda. Saavedra Meneses, praza do Conde e Avda. Lombardeiro Mesas e cadeiras: 0,7513 euros/ud.*

*Barrís: 0,1683 euros/ud.*

*Outros elem. Aux.: 0,3005 euros/m2 Terceira: resto do municipio.*

*Mesas e cadeiras: 0,3185 euros/ud. Barrís: 0,1022 euros/ud.*

*Outros elem. Aux.: 0,1503 euros/m*

*3.-Normas de aplicación das tarifas:*

*a) As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período de tempo autorizado, con excepción dos casos de declaracións de altas e baixas, as cales se prorratearán por meses ou por días naturais, segundo esteamos ante concesións de aproveitamentos por tempo superior ou inferior ó mes.*

*b) As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, deberán de solicitar previa- mente a correspondente licencia e realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 26.1 a) da LRFL, segundo a súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento,*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*acompañando un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.*

*c) Os servicios técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, con- cedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias. Se se desen diferencias notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementa- rios que procedan.*

*d) En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.*

*e) Non se autorizará ningún dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza ata que se aboe o depósito previo a que se refire o artigo 7.1.a) seguinte e se teña obtida a correspondente licencia por parte dos interesados.*

*O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licencia ós interesados, sen prexuízo do pagamento da taxa e das sancións e recargas que procedan.*

*f) Unha vez autorizado o aproveitamento, entenderase prorrogado mentres a Alcaldía non acorde a súa caducidade ou se presente baixa xustificada polo interesado e polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.*

*g) A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte ou do día natural seguinte, segundo se trate de autorizacións por tempo superior ou inferior ó mes, ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.*

***Disposición Transitoria.***

*Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.*

*Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, reguladora da taxa por ocupa- ción de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.*

*Amplíase a vixencia da suspensión temporal do parágrafo anterior, dende o 1 de xaneiro do 2022 ata o 31 de decembro do 2022.*

***Disposición final.***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello en sesión ordinaria do 28 de outubro de 1999, entrará en vigor e comezará a se aplicar unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

***SEGUNDO****.- Aprobar provisionalmente o texto refundido da Ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de ocupación de terreos de uso público, por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa do concello de Pontedeume, resultante das sucesivas modificacións do seguinte teor literal:*

*ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO, POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA.*

***Artigo 1.º .- Fundamento e natureza.***

*No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, na que as súas normas atenden ó prevenido no artigo 58 da citada Lei 39/88.*

***Artigo 2.º .- Feito impoñible****.*

*Constitúe o feito impoñible desta taxa as utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local derivados da ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.*

***Artigo 3.º .- Suxeito pasivo.***

*1,-Están obrigados ó pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:*

*As persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias ou quen se beneficie dos aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.*

***Artigo 4.º .- Responsables****.*

*1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaría.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.*

***Artigo 5.º .- Cota tributaria.***

*1.-A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza consistirá na cantidade resultante de aplica-las tarifas sinaladas na liña seguinte.*

*2.-As tarifas da taxa serán as seguintes:*

*Categoría de rúas.*

*Valor mercado/mes.*

*Primeira: praza e rúa Real Mesas e cadeiras: 25,2425 euros/ud. Barrís: 6,0101 euros/ud.*

*Outros elem. Aux.: 10,0970 euros/m2.*

*Segunda: resto do caso histórico e Avda. da Coruña, Avda. Saavedra Meneses, praza do Conde e Avda. Lombardeiro Mesas e cadeiras: 22,3877 euros/ud.*

*Barrís: 5,1086 euros/ud.*

*Outros elme. Aux.: 8,9551 euros/m2 Terceira: resto do municipio*

*Mesas e cadeiras: 9,5561 euros./ud. Barrís: 3,0051 euros/ud.*

*Outros elme. Aux.: 3,8224 euros/m2 Categoría de rúas*

*Valor mercado/día Primeira: praza e rúa Real*

*Mesas e cadeiras: 0,8414 euros/ud. Barrís: 0,1983 euros/ud.*

*Outros elem. Aux.: 0,3366 euros/m2.*

*Segunda: resto do caso histórico e Avda. da Coruña, Avda. Saavedra Meneses, praza do Conde e Avda. Lombardeiro Mesas e cadeiras: 0,7513 euros/ud.*

*Barrís: 0,1683 euros/ud.*

*Outros elem. Aux.: 0,3005 euros/m2 Terceira: resto do municipio.*

*Mesas e cadeiras: 0,3185 euros/ud. Barrís: 0,1022 euros/ud.*

*Outros elem. Aux.: 0,1503 euros/m*

*3.-Normas de aplicación das tarifas:*

*a) As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período de tempo autorizado, con excepción dos casos de declaracións de altas e baixas, as cales se prorratearán por meses ou por días naturais, segundo esteamos ante concesións de aproveitamentos por tempo superior ou inferior ó mes.*

*b) As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, deberán de solicitar previa- mente a correspondente licencia e realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 26.1 a) da LRFL, segundo a súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*13 de xullo, e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento, acompañando un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.*

*c) Os servicios técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, con- cedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias. Se se desen diferencias notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementa- rios que procedan.*

*d) En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.*

*e) Non se autorizará ningún dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza ata que se aboe o depósito previo a que se refire o artigo 7.1.a) seguinte e se teña obtida a correspondente licencia por parte dos interesados.*

*O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licencia ós interesados, sen prexuízo do paga- mento da taxa e das sancións e recargas que procedan.*

*f) Unha vez autorizado o aproveitamento, entenderase prorrogado mentres a Alcaldía non acorde a súa caducidade ou se presente baixa xustificada polo interesado e polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.*

*g) A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte ou do día natural seguinte, se- gundo se trate de autorizacións por tempo superior ou inferior ó mes, ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.*

***Artigo 6.º .- Exencións e bonificacións.***

*Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pago da taxa.*

***Artigo 7.º .- Obriga de contribuír.***

*1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, que orixina o dereito de cobro:*

*a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos de vía pública, cando se inicie o uso privativo ou o aproveita- mento especial, anque poderá esixirse o depósito previo do seu importe total ou parcial, tal e como sinala o artigo 26.1 a) da LRFL, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo.*

*b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento na utilización privativa ou apro- veitamento especial, caso no que o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte prorrateo na cota por meses ou por días naturais, segundo esteamos ante concesións de aproveitamentos por tempo superior ou inferior ó mes.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***Artigo 8.º .- Declaración de ingreso.***

*1.-As utilizacións privativas e aproveitamentos especiais derivados da ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa suxeitas a esta taxa levaranse ó cabo a instancia de parte.*

*2.-O pagamento desta taxa realizarase:*

*a) Tratándose de concesións de novo aproveitamento ou aproveitamento con duración limitada, as cotas serán obxecto de liquidación por ingreso directo, unha vez concedidas as correspondentes licencias, na Tesourería Municipal ou onde establecese o Concello, pero sempre antes de retira-la correspondente licencia.*

*Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ó concederse a licencia correspondente.*

*b) Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados sen duración limitada, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso por recibo, nas oficinas da Reca- dación municipal ou entidades Colaboradoras sinaladas para o efecto e durante o prazo establecido polo Concello no seu calendario fiscal.*

***Artigo 9.º .- Infraccións e sancións***. *En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sanción que ás mesmas correspondan en cadacaso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.*

***Disposición Transitoria.***

*Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020*

*Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, reguladora da taxa por ocupa- ción de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.*

*Amplíase a vixencia da suspensión temporal do parágrafo anterior, dende o 1 de xaneiro do 2022 ata o 31 de decembro do 2022.*

***Disposición final.***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello en sesión ordinaria do 28 de outubro de 1999, entrará en vigor e comezará a se aplicar unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

***Disposición derrogatoria.***

*A presente ordenanza derroga a ordenanza n.º 7, reguladora do prezo público por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.*

***TERCEIRO.*** *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados, segundo establece o artigo 18 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

*Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.pontedeume.gal*

***CUARTO.*** *Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo ata entón provisional, é definitivo, en base ao establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sen necesidade de novo acordo plenario.*

***QUINTO.-*** *Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido da Ordenanza fiscal, publíquese no taboleiro de anuncios do concello, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e na sede electrónica deste concello. Así mesmo, o devandito acordo de aprobación definitiva notificarase a aqueles interesados que presentasen alegacións, de ser o caso.*

***SEXTO.-*** *Que o acordo e o texto da Ordenanza fiscal, comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro*

***SÉTIMO****.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.»*

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO,** por **UNANIMIDADE** das persoas membros presentes, o **ACORDO** seguinte:



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**PRIMEIRO**. - Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de ocupación de terreos de uso público, por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa do concello de Pontedeume, nos seguintes aspectos que quedarán redactados como segue:

**Artigo 5.º .- Cota tributaria.**

1.-A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza consistirá na cantidade resultante de aplica-las tarifas sinaladas na liña seguinte.

2.-As tarifas da taxa serán as seguintes:

Categoría de rúas.

Valor mercado/mes.

Primeira: praza e rúa Real Mesas e cadeiras: 25,2425 euros/ud. Barrís: 6,0101 euros/ud.

Outros elem. Aux.: 10,0970 euros/m2.

Segunda: resto do caso histórico e Avda. da Coruña, Avda. Saavedra Meneses, praza do Conde e

Avda. Lombardeiro Mesas e cadeiras: 22,3877 euros/ud.

Barrís: 5,1086 euros/ud.

Outros elme. Aux.: 8,9551 euros/m2 Terceira: resto do municipio

Mesas e cadeiras: 9,5561 euros./ud. Barrís: 3,0051 euros/ud.

Outros elme. Aux.: 3,8224 euros/m2 Categoría de rúas

Valor mercado/día Primeira: praza e rúa Real

Mesas e cadeiras: 0,8414 euros/ud. Barrís: 0,1983 euros/ud.

Outros elem. Aux.: 0,3366 euros/m2.

Segunda: resto do caso histórico e Avda. da Coruña, Avda. Saavedra Meneses, praza do Conde e Avda. Lombardeiro Mesas e cadeiras: 0,7513 euros/ud.

Barrís: 0,1683 euros/ud.

Outros elem. Aux.: 0,3005 euros/m2 Terceira: resto do municipio.

Mesas e cadeiras: 0,3185 euros/ud. Barrís: 0,1022 euros/ud.

Outros elem. Aux.: 0,1503 euros/m

3.-Normas de aplicación das tarifas:

a) As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período de tempo autorizado, con excepción dos casos de declaracións de altas e baixas, as cales se prorratearán por meses ou por días naturais, segundo esteamos ante concesións de aproveitamentos por tempo superior ou inferior ó mes.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

b) As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, deberán de solicitar previa- mente a correspondente licencia e realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 26.1 a) da LRFL, segundo a súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento, acompañando un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.

c) Os servicios técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, con- cedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias. Se se desen diferencias notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementa- rios que procedan.

d) En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

e) Non se autorizará ningún dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza ata que se aboe o depósito previo a que se refire o artigo 7.1.a) seguinte e se teña obtida a correspondente licencia por parte dos interesados.

O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licencia ós interesados, sen prexuízo do pagamento da taxa e das sancións e recargas que procedan.

f) Unha vez autorizado o aproveitamento, entenderase prorrogado mentres a Alcaldía non acorde a súa caducidade ou se presente baixa xustificada polo interesado e polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.

g) A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte ou do día natural seguinte, segundo se trate de autorizacións por tempo superior ou inferior ó mes, ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

**Disposición Transitoria.**

*Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.*

Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, reguladora da taxa por ocupa- ción de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

*Amplíase a vixencia da suspensión temporal do parágrafo anterior, dende o 1 de xaneiro do 2022 ata o 31 de decembro do 2022.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Disposición final.**

A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello en sesión ordinaria do 28 de outubro de 1999, entrará en vigor e comezará a se aplicar unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

**SEGUNDO**.- Aprobar provisionalmente o texto refundido da Ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de ocupación de terreos de uso público, por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa do concello de Pontedeume, resultante das sucesivas modificacións do seguinte teor literal:

**"ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO, POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

**Artigo 1.º .- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, na que as súas normas atenden ó prevenido no artigo 58 da citada Lei 39/88.

**Artigo 2.º .- Feito impoñible**.

Constitúe o feito impoñible desta taxa as utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local derivados da ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

**Artigo 3.º .- Suxeito pasivo.**

1,-Están obrigados ó pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

As persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias ou quen se beneficie dos aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.

**Artigo 4.º .- Responsables**.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaría.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5.º .- Cota tributaria.**

1.-A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza consistirá na cantidade resultante de aplica-las tarifas sinaladas na liña seguinte.

2.-As tarifas da taxa serán as seguintes:

Categoría de rúas.

Valor mercado/mes.

Primeira: praza e rúa Real Mesas e cadeiras: 25,2425 euros/ud. Barrís: 6,0101 euros/ud.

Outros elem. Aux.: 10,0970 euros/m2.

Segunda: resto do caso histórico e Avda. da Coruña, Avda. Saavedra Meneses, praza do Conde e Avda. Lombardeiro Mesas e cadeiras: 22,3877 euros/ud.

Barrís: 5,1086 euros/ud.

Outros elme. Aux.: 8,9551 euros/m2 Terceira: resto do municipio

Mesas e cadeiras: 9,5561 euros./ud. Barrís: 3,0051 euros/ud.

Outros elme. Aux.: 3,8224 euros/m2 Categoría de rúas

Valor mercado/día Primeira: praza e rúa Real

Mesas e cadeiras: 0,8414 euros/ud. Barrís: 0,1983 euros/ud.

Outros elem. Aux.: 0,3366 euros/m2.

Segunda: resto do caso histórico e Avda. da Coruña, Avda. Saavedra Meneses, praza do Conde e Avda. Lombardeiro Mesas e cadeiras: 0,7513 euros/ud.

Barrís: 0,1683 euros/ud.

Outros elem. Aux.: 0,3005 euros/m2 Terceira: resto do municipio.

Mesas e cadeiras: 0,3185 euros/ud. Barrís: 0,1022 euros/ud.

Outros elem. Aux.: 0,1503 euros/m

3.-Normas de aplicación das tarifas:

a) As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período de tempo autorizado, con excepción dos casos de declaracións de altas e baixas, as cales se prorratearán por meses ou por días naturais, segundo esteamos ante concesións de aproveitamentos por tempo superior ou inferior ó mes.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

b) As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, deberán de solicitar previa- mente a correspondente licencia e realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 26.1 a) da LRFL, segundo a súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento, acompañando un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.

c) Os servicios técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, con- cedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias. Se se desen diferencias notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementa- rios que procedan.

d) En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

e) Non se autorizará ningún dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza ata que se aboe o depósito previo a que se refire o artigo 7.1.a) seguinte e se teña obtida a correspondente licencia por parte dos interesados.

O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licencia ós interesados, sen prexuízo do paga- mento da taxa e das sancións e recargas que procedan.

f) Unha vez autorizado o aproveitamento, entenderase prorrogado mentres a Alcaldía non acorde a súa caducidade ou se presente baixa xustificada polo interesado e polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.

g) A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte ou do día natural seguinte, se- gundo se trate de autorizacións por tempo superior ou inferior ó mes, ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

**Artigo 6.º .- Exencións e bonificacións.**

Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pago da taxa.

**Artigo 7.º .- Obriga de contribuír.**

1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, que orixina o dereito de cobro:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos de vía pública, cando se inicie o uso privativo ou o aproveita- mento especial, anque poderá esixirse o depósito previo do seu importe total ou parcial, tal e como sinala o artigo 26.1 a) da LRFL, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento na utilización privativa ou apro- veitamento especial, caso no que o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte prorrateo na cota por



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

meses ou por días naturais, segundo esteamos ante concesións de aproveitamentos por tempo superior ou inferior ó mes.

**Artigo 8.º .- Declaración de ingreso.**

1.-As utilizacións privativas e aproveitamentos especiais derivados da ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa suxeitas a esta taxa levaranse ó cabo a instancia de parte.

2.-O pagamento desta taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novo aproveitamento ou aproveitamento con duración limitada, as cotas serán obxecto de liquidación por ingreso directo, unha vez concedidas as correspondentes licencias, na Tesourería Municipal ou onde establecese o Concello, pero sempre antes de retira-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ó concederse a licencia correspondente.

b) Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados sen duración limitada, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso por recibo, nas oficinas da Reca- dación municipal ou entidades Colaboradoras sinaladas para o efecto e durante o prazo establecido polo Concello no seu calendario fiscal.

**Artigo 9.º .- Infraccións e sancións**. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sanción que ás mesmas correspondan en cadacaso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

**Disposición Transitoria.**

Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020

Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, reguladora da taxa por ocupa- ción de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Amplíase a vixencia da suspensión temporal do parágrafo anterior, dende o 1 de xaneiro do 2022 ata o 31 de decembro do 2022.

**Disposición final.**



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello en sesión ordinaria do 28 de outubro de 1999, entrará en vigor e comezará a se aplicar unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

**Disposición derrogatoria.**

A presente ordenanza derroga a ordenanza n.º 7, reguladora do prezo público por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa."

**TERCEIRO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados, segundo establece o artigo 18 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello *www.pontedeume.gal*

**CUARTO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo ata entón provisional, é definitivo, en base ao establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sen necesidade de novo acordo plenario.

**QUINTO.-** Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido da Ordenanza fiscal, publíquese no taboleiro de anuncios do concello, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e na sede electrónica deste concello. Así mesmo, o devandito acordo de aprobación definitiva notificarase a aqueles interesados que presentasen alegacións, de ser o caso.

**SEXTO.-** Que o acordo e o texto da Ordenanza fiscal, comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro

**SÉTIMO**.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

**4.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 12, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

Dase lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

***«PROPOSTA DA ALCALDÍA***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 12, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA***

***D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME ( A CORUÑA)***

*En data 25 de outubro de 2022 dítase providencia da Alcaldía en orde a modificación da Ordenanza fiscal número 12 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.*

*Trátase de modificar un imposto municipal de imposición obrigatoria, facendo uso das facultades que teñen conferidas as entidades locais na fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias.*

*A Ordenanza fiscal Nº 12 do Concello de Pontedeume, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica regula no artigo 5 as bonificacións deste imposto, concretamente no apartado 2, co seguinte tenor literal:*

*2. "Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos ós que se lle realice a adaptación técnica necesaria para a utilización do combustible sen chumbo e unicamente para o exercicio no que se leve a cabo a referida adaptación.*

*No texto actual a bonificación aplícase aos "vehículos ós que se lles realice a adaptación técnica necesaria para a utilización do combustible sen chumbo e unicamente para o exercicio no que se leve a cabo a referida adaptación.*

*A proposta pretende as seguintes determinacións:*

***- Modificar o apartado 2 do artigo 5º,*** *para estender a aplicación da bonificación ós distintos tipos de carburantes de baixas emisións no medio ambiente, quedando redactado da seguinte forma:*

*2. "Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos ós que se lle realice a adaptación técnica necesaria para a utilización do combustible de biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno ou GLP."*

*-* ***Introducir o apartado 3 do artigo 5º****, para aplicar unha bonificación ós vehículos con motores de baixas ou nulas emisións.*

*3. "Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos híbridos eléctricos (vehículos que combinan motores eléctricos e de combustión), que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados a súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.*
*Igualmente terán a mesma bonificación os vehículos eléctricos e/ou de emisións nulas."*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***-Renumerar o apartado 3, quedando como 4 e engadir 2 parágrafos** para regular aspectos substantivos e formais das bonificacións e facilitar a aplicación das mesmas:*

*4. Para poder gozar das bonificacións referidas nos parágrafos 1. e 2 e 3. do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión acreditando documentalmente que cumpren coas especificacións esixidas para o seu disfrute.*

*O peticionario deste beneficio fiscal deberá acompañar á solicitude unha copia da ficha de características técnicas do vehículo, así como a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios. Achegarán tamén, unha copia do permiso de circulación, aos efectos de acreditar a titularidade do vehículo.*

*A persoa peticionaria deberá estar ao corrente do pago do imposto.*

*- Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a bonificación aplicarase dende o exercicio seguinte ao da solicitude.*

*-**Modificar a Disposición Derradeira** para regular a entrada en vigor da presente modificación, quedando redactada como segue:*

***DISPOSICIÓN DERRADEIRA***

*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa a publicación no Boletín Oficial de Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2023 e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

*No texto actual a bonificación relativa as características do combustible, redúcese ós “vehículos ós que se lles realice a adaptación técnica necesaria para a utilización do combustible sen chumbo e unicamente para o exercicio no que se leve a cabo a referida adaptación.*

*Co obxectivo de incentivar o uso de vehículos de baixa incidencia no medio ambiente, proponse a modificación desta bonificación nos termos expostos, ós efectos de mellorar a definición dos tipos de vehículos susceptibles de bonificación e facelo extensivo ós vehículos eléctricos, así como ampliar a vixencia da bonificación non soamente ó exercicio da adaptación dos anteditos vehículos.*

*O artigo 8 d) da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, establece que se regularán en todo caso por Lei: (...) O establecemento, modificación, supresión e prórroga das exencións, reducións, **bonificacións**, deducións y demais beneficios ou incentivos fiscais.*

*O fundamento xurídico da citada bonificación atópase no artigo 95.6 do TRLFL, que establece a posibilidade de fixar unha bonificación da tarifa do imposto en función das características dos carburantes e motores dos vehículos e a súa incidencia no medio ambiente.*

*Visto o informe de tesourería de data 2 de novembro de 2022.*

*Visto o informe de secretaría xeral de data 6 de novembro de 2022.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Visto o informe de intervención de data 7 de novembro de 2022.*

*De conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, formúlase a seguinte PROPOSTA DE* ***ACORDO:***

***PRIMEIRO****. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza número 12 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no sentido seguinte:*

***- Modificar o apartado 2 do artigo 5º,*** *para estender a aplicación da bonificación ós distintos tipos de carburantes de baixas emisións no medio ambiente, quedando redactado da seguinte forma:*

*2. "Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos ós que se lle realice a adaptación técnica necesaria para a utilización do combustible de biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno ou GLP."*

*-* ***Introducir o apartado 3 do artigo 5º****, para aplicar unha bonificación ós vehículos con motores de baixas ou nulas emisións.*

*3. "Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos híbridos eléctricos (vehículos que combinan motores eléctricos e de combustión), que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados a súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.*
*Igualmente terán a mesma bonificación os vehículos eléctricos e/ou de emisións nulas."*

***-Renumerar o apartado 3, quedando como 4 e engadir 2 parágrafos*** *para regular aspectos substantivos e formais das bonificacións e facilitar a aplicación das mesmas:*

*4. Para poder gozar das bonificacións referidas nos parágrafos 1. e 2 e 3. do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión acreditando documentalmente que cumpren coas especificacións esixidas para o seu disfrute.*

*O peticionario deste beneficio fiscal deberá acompañar á solicitude unha copia da ficha de características técnicas do vehículo, así como a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios. Achegarán tamén, unha copia do permiso de circulación, aos efectos de acreditar a titularidade do vehículo.*

*A persoa peticionaria deberá estar ao corrente do pago do imposto.*

*- Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a bonificación aplicarase dende o exercicio seguinte ao da solicitude.*

*-****Modificar a Disposición Derradeira*** *para regular a entrada en vigor da presente modificación, quedando redactada como segue:*

***DISPOSICIÓN DERRADEIRA***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa a publicación no Boletín Oficial de Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2023 e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

***SEGUNDO.*** *Aprobar provisionalmente o texto refundido da Ordenanza fiscal número 12, reguladora do IVTM, resultante das sucesivas modificacións do seguinte teor literal:*

***ORDENANZA FISCAL N.º 12, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA***

***Artigo 1º***

*De conformidade co previsto no artigo 95.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as cotas do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable neste municipio se incrementarán mediante a aplicación do coeficiente 1,40, con arranxo ao seguinte cadro de tarifas:*

*A) Turismo:*

*De menos de 8 cabalos fiscais: 17,67 euros*

*De 8 ata 11,99 cabalos fiscais: 47,71 euros*

*De 12 ata 15,99 cabalos fiscais: 100,72 euros*

*De 16 a 19,99 cabalos fiscais: 125,45 euros*

*De 20 cabalos fiscais en adiante: 156,8 euros*

*B) Autobuses:*

*De menos de 21 prazas: 116,62 euros*

*De 21 a 50 prazas: 166,10 euros*

*De máis de 50 prazas: 207,62 euros*

*C) Camións:*

*De menos de 1.000 quilogramos de carga útil:59,19 euros*

*De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil: 116,62 euros*

*De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil: 166,10 euros*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*De máis de 9.999 quilogramos de carga útil: 207,62 euros*

*D) Tractores:*

*De menos de 16 cabalos fiscais:24,74 euros*

*De 16 a 25 cabalos fiscais: 38,88 euros*

*De máis de 25 cabalos fiscais: 116,62 euros*

*E) Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:*

*De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil: 24,74 euros.*

*De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil: 38,88 euros*

*De máis de 2.999 quilogramos de carga útil: 116,62 euros*

*F) Outros vehículos:*

*Ciclomotores: 6,19 euros*

*Motocicletas ata 125 c.c.: 6,19 euros*

*Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.: 10,60 euros*

*Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.: 21,21 euros*

*Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.: 42,41 euros*

*Motocicletas de máis de 1.000 c.c.: 84,81 euros*

***Artigo 2º***

*1. O pagamento do imposto acreditarase mediante recibo.*

***Artigo 3º***

*1. En caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar desde a data da adquisición ou reforma, declaración por este imposto segundo modelo aprobado polo concello ó que se lle achegarán: a documentación acreditativa da súa compra ou modificación,*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.*

*2. A oficina xestora practicará a correspondente liquidación, normal ou complementaria, que será notificada individualmente ós interesados, con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.*

*3. O sistema establecido neste artigo poderá ser substituído polo réxime de autoliquidación, segundo os modelos aprobados polo Concello para o efecto.*

***Artigo 4º***

*1. En caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pagamento das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio, no prazo establecido polo Concello no seu calendario fiscal.*

*2. No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que se achen inscritos no correspondente rexistro público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.*

*3. O padrón ou matrícula do imposto expoñerase ó público polo prazo de 15 días hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.*

***Artigo 5º .***

*1. Establécese unha bonificación do 100% da cota incrementada do imposto para os vehículos históricos, ou aqueles cunha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados a partires da data da súa fabricación. Se esta non fose coñecida, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data no que o correspondente tipo ou variante foi deixado de fabricar.*

*2. "Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos ós que se lle realice a adaptación técnica necesaria para a utilización do combustible de biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno ou GLP."*

*3. "Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos híbridos eléctricos (vehículos que combinan motores eléctricos e de combustión),que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados a súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.*
*Igualmente terán a mesma bonificación os vehículos eléctricos e/ou de emisións nulas."*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*4. Para poder gozar das bonificacións referidas nos parágrafos 1, 2 e 3 do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión acreditando documentalmente que cumpren coas especificacións esixidas para o seu disfrute.*

*O peticionario deste beneficio fiscal deberá acompañar á solicitude unha copia da ficha de características técnicas do vehículo, así como a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios. Achegarán tamén, unha copia do permiso de circulación, aos efectos de acreditar a titularidade do vehículo.*

*A persoa peticionaria deberá estar ao corrente do pago do imposto.*

*- Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a bonificación aplicarase dende o exercicio seguinte ao da solicitude.*

***Artigo 5º bis. exencións***

*1.-Estarán exentos do imposto os vehículos incluídos no artigo 93.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,*

*2. Os interesados na concesión das exencións do artigo 94.1. apartados e) e g) da LFL deberán presentar a solicitude de exención con anterioridade a data do devengo do Imposto.*

*En caso contrario, a concesión da exención terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.*

*3. A concesión ou denegación das exencións do artigo 94.1. apartados e) e g) da LFL será efectuada pola Xunta de Goberno Local, previo informe do Servicio de xestión e recadación tributaria municipal.*

***Artigo 6º .***

*Para o non expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos da Subsección 4º , da sección 3º, do capítulo II, do título II do citado RD Lex 2/2004,de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.*

***DISPOSICIÓN DERRADEIRA***

*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa a publicación no Boletín Oficial de Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2023 e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

***TERCEIRO.*** *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados, segundo establece o artigo 18 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*2/2004, de 5 de marzo, poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

*Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.pontedeume.gal*

***CUARTO.*** *Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo ata entón provisional, é definitivo, en base ao establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sen necesidade de novo acordo plenario.*

***QUINTO.-*** *Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido da Ordenanza fiscal, publíquese no taboleiro de anuncios do concello, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e na sede electrónica deste concello. Así mesmo, o devandito acordo de aprobación definitiva notificarase a aqueles interesados que presentasen alegacións, de ser o caso.*

***SEXTO.-*** *Que o acordo e o texto da Ordenanza fiscal, comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro*

***SÉTIMO****.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.»*

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO,** por **UNANIMIDADE** das persoas membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza número 12 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no sentido seguinte:

**- Modificar o apartado 2 do artigo 5º,** para estender a aplicación da bonificación ós distintos tipos de carburantes de baixas emisións no medio ambiente, quedando redactado da seguinte forma:

2. *"Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos ós que se lle realice a adaptación técnica necesaria para a utilización do combustible de biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno ou GLP."*

- **Introducir o apartado 3 do artigo 5º**, para aplicar unha bonificación ós vehículos con motores de baixas ou nulas emisións.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*3. "Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos híbridos eléctricos (vehículos que combinan motores eléctricos e de combustión), que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados a súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.*
*Igualmente terán a mesma bonificación os vehículos eléctricos e/ou de emisións nulas."*

**-Renumerar o apartado 3, quedando como 4 e engadir 2 parágrafos** para regular aspectos substantivos e formais das bonificacións e facilitar a aplicación das mesmas:

4. Para poder gozar das bonificacións referidas nos parágrafos 1. e 2 e 3. do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión acreditando documentalmente que cumpren coas especificacións esixidas para o seu disfrute.

*O peticionario deste beneficio fiscal deberá acompañar á solicitude unha copia da ficha de características técnicas do vehículo, así como a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios. Achegarán tamén, unha copia do permiso de circulación, aos efectos de acreditar a titularidade do vehículo.*

*A persoa peticionaria deberá estar ao corrente do pago do imposto.*

*- Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a bonificación aplicarase dende o exercicio seguinte ao da solicitude.*

-**Modificar a Disposición Derradeira** para regular a entrada en vigor da presente modificación, quedando redactada como segue:

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa a publicación no Boletín Oficial de Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2023 e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

**SEGUNDO.** Aprobar provisionalmente o texto refundido da Ordenanza fiscal número 12, reguladora do IVTM, resultante das sucesivas modificacións do seguinte teor literal:

**"ORDENANZA FISCAL N.º 12, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

**Artigo 1º**

De conformidade co previsto no artigo 95.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as cotas do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable neste municipio se



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

incrementarán mediante a aplicación do coeficiente 1,40, con arranxo ao seguinte cadro de tarifas:

A) Turismo:

De menos de 8 cabalos fiscais: 17,67 euros

De 8 ata 11,99 cabalos fiscais: 47,71 euros

De 12 ata 15,99 cabalos fiscais: 100,72 euros

De 16 a 19,99 cabalos fiscais: 125,45 euros

De 20 cabalos fiscais en adiante: 156,8 euros

B) Autobuses:

De menos de 21 prazas: 116,62 euros

De 21 a 50 prazas: 166,10 euros

De máis de 50 prazas: 207,62 euros

C) Camións:

De menos de 1.000 quilogramos de carga útil:59,19 euros

De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil: 116,62 euros

De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil: 166,10 euros

De máis de 9.999 quilogramos de carga útil: 207,62 euros

D) Tractores:

De menos de 16 cabalos fiscais:24,74 euros

De 16 a 25 cabalos fiscais: 38,88 euros

De máis de 25 cabalos fiscais: 116,62 euros

E) Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil: 24,74 euros.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil: 38,88 euros

De máis de 2.999 quilogramos de carga útil: 116,62 euros

F) Outros vehículos:

Ciclomotores: 6,19 euros

Motocicletas ata 125 c.c.: 6,19 euros

Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.: 10,60 euros

Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.: 21,21 euros

Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.: 42,41 euros

Motocicletas de máis de 1.000 c.c.: 84,81 euros

***Artigo 2º***

1. O pagamento do imposto acreditarase mediante recibo.

**Artigo 3º**

1. En caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar desde a data da adquisición ou reforma, declaración por este imposto segundo modelo aprobado polo concello ó que se lle achegarán: a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

2. A oficina xestora practicará a correspondente liquidación, normal ou complementaria, que será notificada individualmente ós interesados, con indicación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

3. O sistema establecido neste artigo poderá ser substituído polo réxime de autoliquidación, segundo os modelos aprobados polo Concello para o efecto.

**Artigo 4º**

1. En caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pagamento das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio, no prazo establecido polo Concello no seu calendario fiscal.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2. No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que se achen inscritos no correspondente rexistro público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

3. O padrón ou matrícula do imposto expoñerase ó público polo prazo de 15 días hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

***Artigo 5º .***

1. Establécese unha bonificación do 100% da cota incrementada do imposto para os vehículos históricos, ou aqueles cunha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados a partires da data da súa fabricación. Se esta non fose coñecida, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data no que o correspondente tipo ou variante foi deixado de fabricar.

2. “Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos ós que se lle realice a adaptación técnica necesaria para a utilización do combustible de biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno ou GLP.”

3. “Así mesmo, establécese unha bonificación do 50% da cota incrementada do Imposto para os vehículos híbridos eléctricos (vehículos que combinan motores eléctricos e de combustión),que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados a súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.
Igualmente terán a mesma bonificación os vehículos eléctricos e/ou de emisións nulas.”

4. Para poder gozar das bonificacións referidas nos parágrafos 1, 2 e 3 do presente artigo, os interesados deberán instar a súa concesión acreditando documentalmente que cumpren coas especificacións esixidas para o seu disfrute.

O peticionario deste beneficio fiscal deberá acompañar á solicitude unha copia da ficha de características técnicas do vehículo, así como a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios. Achegarán tamén, unha copia do permiso de circulación, aos efectos de acreditar a titularidade do vehículo.
A persoa peticionaria deberá estar ao corrente do pago do imposto.
- Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a bonificación aplicarase dende o exercicio seguinte ao da solicitude.

**Artigo 5º bis. exencións**

1.-Estarán exentos do imposto os vehículos incluídos no artigo 93.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2. Os interesados na concesión das exencións do artigo 94.1. apartados e) e g) da LFL deberán presentar a solicitude de exención con anterioridade a data do devengo do Imposto.

En caso contrario, a concesión da exención terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.

3. A concesión ou denegación das exencións do artigo 94.1. apartados e) e g) da LFL será efectuada pola Xunta de Goberno Local, previo informe do Servicio de xestión e recadación tributaria municipal.

**Artigo 6º .**

Para o non expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos da Subsección 4º , da sección 3º, do capítulo II, do título II do citado RD Lex 2/2004,de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa a publicación no Boletín Oficial de Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2023 e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa."

**TERCEIRO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados, segundo establece o artigo 18 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello *www.pontedeume.gal*

**CUARTO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo ata entón provisional, é definitivo, en base ao establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sen necesidade de novo acordo plenario.

**QUINTO.-** Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido da Ordenanza fiscal, publíquese no taboleiro de anuncios do concello, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e na sede electrónica deste concello. Así mesmo, o devandito acordo de aprobación definitiva notificarase a aqueles interesados que presentasen alegacións, de ser o caso.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**SEXTO.-** Que o acordo e o texto da Ordenanza fiscal, comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro

**SÉTIMO**.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

**5.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

Dase lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

«***PROPOSTA DA ALCALDÍA***

***APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES***

***D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME ( A CORUÑA)***

*En data 27 de outubro de 2022 dítase providencia da Alcaldía en orde a modificación da Ordenanza fiscal número 13 reguladora do Imposto sobre bens inmobles.*

*Se trata de modificar un imposto municipal de imposición obrigatoria facendo uso das facultades que teñen conferidas as entidades locais na fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias.*

*A Ordenanza fiscal Nº 13 do Concello de Pontedeume, reguladora do imposto sobre bens inmobles, regula no artigo 3 as bonificacións deste imposto, concretamente no apartado 3, no que se recolle a bonificación en favor das familias numerosas, co seguinte tenor literal:*

*"3.- Os suxeitos pasivos que posúan a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmoble de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual, e na que estea empadroado, coas seguintes características:3*

| *Categoría de familia numerosa* | *% de bonificación se o valor catastral é menor ou igual que 100.000 euros* | *% bonificación se o valor catastral está entre 100.000 e 150.000 euros* | *% bonificación se o valor catastral é maior de 150.000 euros* |
|---|---|---|---|


RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| *1ª*<br><br>*2ª* | *35*<br><br>*45* | *20*<br><br>*30* | *5*<br><br>*16* |
| *Honor* | *55* | *40* | *25* |

*Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindíble a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar:*

*A) O empadroamento da vivenda obxecto da solicitude*

*B) A condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.*

*Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.*

*Á vista da documentación presentada, a Excma. Deputación Provincial dictará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só producirá efectos para o período impositivo no que se solicita a súa concesión, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, presentando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce. En calquera caso, a presentación da solicitude con posterioridade ao 31 de marzo de cada ano dará lugar á súa inadmisión e á conseguinte denegación da bonificación solicitada.*

*A proposta pretende as seguintes determinacións:*

*- **Modificar** a redacción do **apartado 3 do artigo 5º** quedando redactado da seguinte forma:*

*3. Terán dereito a unha bonificación do 90% ou 50% da cota íntegra do imposto, os suxeitos pasivos –pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia, entendéndose como residencia habitual aquela na que figure empadroado e sempre e cando cumpran as seguintes condicións:*

*a) Se a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, no exercicio foran iguais ou inferiores ao Índicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), a bonificación será do 90%.*

*b) Se a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros sexa inferior ou igual o IPREM multiplicado por 2 e superior a cantidade prevista no apartado a) a bonificación será do 50%.*

*c) Os suxeitos pasivos deberán acreditar a renda neta da unidade familiar ou autorizar a petición de datos á Axencia Tributaria. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que os ditos ingresos.*

*d)A condición de familia numerosa acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.*

RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Esta bonificación terá carácter rogado e producirá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite ante o Concello o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. Dita bonificación manterase ata o período impositivo no que se perda a condición de familia numerosa por calquera causa, vindo os suxeitos pasivos obrigados a comunicar á Administración dita circunstancia, sen perxuízo das facultades de comprobación e inspección da Administración.*

*O artigo 8 d) da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, establece que se regularán en todo caso por Lei: (...) O establecemento, modificación, supresión e prórroga das exenciones, reducións,* ***bonificacións****, deducións y demáis beneficios ou incentivos fiscais.*

*O fundamento xurídico da citada bonificación atópase no artigo 74.4 do TRLFL, que establece a posibilidade de fixar unha bonificación no cota íntegra do Imposto sobre bens inmobles de ata o 90 por cento da cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa.*

*Por outra banda, a Disposición Derradeira, establece o seguinte:*

*A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día vinte e sete de outubro de dous mil cinco, entrará en vigor, logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, o día un de xaneiro de dous mil seis, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.*

*Faise necesario,* ***modificar a Disposición Derradeira*** *para regular a entrada en vigor da presente modificación, quedando redactada como segue:*

*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial de Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2023 e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

*De conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, formúlase a seguinte PROPOSTA DE* ***ACORDO:***

***PRIMEIRO****. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza número 13 reguladora do imposto sobre bens inmobles, no sentido seguinte:*

***Modificar*** *a redacción do* ***apartado 3 do artigo 5º*** *quedando redactado da seguinte forma:*

*3. Terán dereito a unha bonificación do 90% ou 50% da cota íntegra do imposto, os suxeitos pasivos –pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia, entendéndose como residencia habitual aquela na que figure empadroado e sempre e cando cumpran as seguintes condicións:*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*a) Se a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, no exercicio foran iguais ou inferiores ao Índicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), a bonificación será do 90%.*

*b) Se a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros sexa inferior ou igual o IPREM multiplicado por 2 e superior a cantidade prevista no apartado a) a bonificación será do 50%.*

*c) Os suxeitos pasivos deberán acreditar a renda neta da unidade familiar ou autorizar a petición de datos á Axencia Tributaria. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que os ditos ingresos.*

*d)A condición de familia numerosa acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.*

*Esta bonificación terá carácter rogado e producirá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite ante o Concello o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. Dita bonificación manterase ata o período impositivo no que se perda a condición de familia numerosa por calquera causa, vindo os suxeitos pasivos obrigados a comunicar á Administración dita circunstancia, sen perxuízo das facultades de comprobación e inspección da Administración*

***Modificar a Disposición Derradeira** para regular a entrada en vigor da presente modificación, quedando redactada como segue:*

*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial de Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2023 e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

***SEGUNDO.** Aprobar provisionalmente o texto refundido da Ordenanza fiscal número 13 reguladora do imposto sobre bens inmobles, resultante das sucesivas modificacións do seguinte teor literal:*

***Artigo 1. TIPO IMPOSITIVO***

*De conformidade co previsto no artigo 72 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:*

*a.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos bens urbanos queda fixado no 0,55%*

*b.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos bens rústicos queda fixado no 0,40%*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*c.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos de características especiais queda fixado no 1,3%.*

***Artigo 2- EXENCIÓNS***

*1.- Gozarán de exención os inmobles previstos no artigo 62.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

*2.- Gozarán tamén de exención, despois de solicitude, os inmobles previstos no artigo 62.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

*3.- Gozarán así mesmo de exención os seguintes inmobles:*

*1.Os bens urbanos, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 3 euros.*

*2.Os bens rústicos, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 1 euro.*

***Artigo 3 - BONIFICACIÓNS.***

*1.- Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 na cota do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construcción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparábel a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmobilizado.*

*O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ao remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construcción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular durante o ano correspondente ao inicio das obras*

*Para gozar da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:*

A. *Certificación ou copia cotexada da preceptiva licenza municipal que autorice a realización das obras.*

B. *Copia do recibo en concepto de imposto sobre bens inmobles, correspondente ao inmoble ao que se refire a solicitude de exención. No seu defecto: certificación expedida pola Xerencia Territorial do Catastro da Coruña- provincia, na que conste a referencia catastral do referido inmoble.*

C. *Certificación do técnico-director das obras de construcción, visada polo colexio oficial competente, na que se indique a data de inicio das obras.*

D. *Documentación que acredite que o inmoble anteriormente mencionado polo que se solicita a bonificación non figura entre os bens do inmobilizado da empresa: cédula de*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*cualificación provisional, se se trata de vivendas de protección oficial; fotocopia do último balance de situación presentado ante Facenda; a certificación do censor xurado de contas, na que conste tal circunstancia.*

E. *Documentación na que se acredite que os inmobles cuxas obras teñen principiado constitúen o obxecto da empresa de urbanización, construcción ou promoción inmobiliaria: fotocopia dos estatutos sociais ou fotocopia da declaración de alta no imposto sobre actividades económicas.*

*En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido determinará a denegación da bonificación solicitada.*

*2.- As vivendas de protección oficial, e as equiparábeis a estas segundo a lei da comunidade autónoma, gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados dende o exercicio seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado en calquera momento anterior ao remate do prazo de tres anos e terá efectos desde o período seguinte ao da solicitude.*

*Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como vivenda de protección oficial do inmoble e a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmoble.*

*3.- Terán dereito a unha bonificación do 90% ou 50% da cota íntegra do imposto, os suxeitos pasivos pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia, entendéndose como residencia habitual aquela na que figure empadroado e sempre e cando cumpran as seguintes condicións:*

*a) Se a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, no exercicio foran iguais ou inferiores ao Índicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), a bonificación será do 90%.*

*b) Se a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros sexa inferior ou igual o IPREM multiplicado por 2 e superior a cantidade prevista no apartado a) a bonificación será do 50%.*

*c) Os suxeitos pasivos deberán acreditar a renda neta da unidade familiar ou autorizar a petición de datos á Axencia Tributaria. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que os ditos ingresos.*

*d) A condición de familia numerosa acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.*

*Esta bonificación terá carácter rogado e fornecerá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite ante o Concello o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. Dita bonificación manterase ata o periodo impositivo no que se perda a condición de familia numerosa por calquera causa, vindo os suxeitos pasivos obrigados a comunicar á Administración dita circunstancia, sen perxuízo das facultades de comprobación e inspección da Administración.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***Artigo 4º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS***

*Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, xeral tributaria.*

***DISPOSICIÓN DERRADEIRA***

*A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial de Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2023 e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

***TERCEIRO.*** *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados, segundo establece o artigo 18 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

*Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.pontedeume.gal*

***CUARTO.*** *Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo ata entón provisional, é definitivo, en base ao establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sen necesidade de novo acordo plenario.*

***QUINTO.-*** *Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido da Ordenanza fiscal, publíquese no taboleiro de anuncios do concello, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e na sede electrónica deste concello. Así mesmo, o devandito acordo de aprobación definitiva notificarase a aqueles interesados que presentasen alegacións, de ser o caso.*

***SEXTO.-*** *Que o acordo e o texto da Ordenanza fiscal, comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro*

***SÉTIMO****.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.»*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO,** por **UNANIMIDADE** das persoas membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza número 13 reguladora do imposto sobre bens inmobles, no sentido seguinte:

**Modificar** a redacción do **apartado 3 do artigo 5º** quedando redactado da seguinte forma:

3. Terán dereito a unha bonificación do 90% ou 50% da cota íntegra do imposto, os suxeitos pasivos –pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia, entendéndose como residencia habitual aquela na que figure empadroado e sempre e cando cumpran as seguintes condicións:

a) Se a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, no exercicio foran iguais ou inferiores ao Índicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), a bonificación será do 90%.

b) Se a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros sexa inferior ou igual o IPREM multiplicado por 2 e superior a cantidade prevista no apartado a) a bonificación será do 50%.

c) Os suxeitos pasivos deberán acreditar a renda neta da unidade familiar ou autorizar a petición de datos á Axencia Tributaria. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que os ditos ingresos.

d)A condición de familia numerosa acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.

Esta bonificación terá carácter rogado e producirá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite ante o Concello o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. Dita bonificación manterase ata o período impositivo no que se perda a condición de familia numerosa por calquera causa, vindo os suxeitos pasivos obrigados a comunicar á Administración dita circunstancia, sen perxuízo das facultades de comprobación e inspección da Administración

**Modificar a Disposición Derradeira** para regular a entrada en vigor da presente modificación, quedando redactada como segue:

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial de Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2023 e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**SEGUNDO.** Aprobar provisionalmente o texto refundido da Ordenanza fiscal número 13 reguladora do imposto sobre bens inmobles, resultante das sucesivas modificacións do seguinte teor literal:

**“Artigo 1. TIPO IMPOSITIVO**

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

a.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos bens urbanos queda fixado no 0,55%

b.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos bens rústicos queda fixado no 0,40%

c.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicábel aos de características especiais queda fixado no 1,3%.

**Artigo 2- EXENCIÓNS**

1.- Gozarán de exención os inmobles previstos no artigo 62.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2.- Gozarán tamén de exención, despois de solicitude, os inmobles previstos no artigo 62.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3.- Gozarán así mesmo de exención os seguintes inmobles:

*3.*Os bens urbanos, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 3 euros.

*4.*Os bens rústicos, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 1 euro.

**Artigo 3 - BONIFICACIÓNS.**

1.- Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 na cota do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construcción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparábel a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmobilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ao remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construcción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular durante o ano correspondente ao inicio das obras

RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal


FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Para gozar da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

F. Certificación ou copia cotexada da preceptiva licenza municipal que autorice a realización das obras.

G. Copia do recibo en concepto de imposto sobre bens inmobles, correspondente ao inmoble ao que se refire a solicitude de exención. No seu defecto: certificación expedida pola Xerencia Territorial do Catastro da Coruña- provincia, na que conste a referencia catastral do referido inmoble.

H. Certificación do técnico-director das obras de construcción, visada polo colexio oficial competente, na que se indique a data de inicio das obras.

I. Documentación que acredite que o inmoble anteriormente mencionado polo que se solicita a bonificación non figura entre os bens do inmobilizado da empresa: cédula de cualificación provisional, se se trata de vivendas de protección oficial; fotocopia do último balance de situación presentado ante Facenda; a certificación do censor xurado de contas, na que conste tal circunstancia.

J. Documentación na que se acredite que os inmobles cuxas obras teñen principiado constitúen o obxecto da empresa de urbanización, construcción ou promoción inmobiliaria: fotocopia dos estatutos sociais ou fotocopia da declaración de alta no imposto sobre actividades económicas.

En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo estabelecido determinará a denegación da bonificación solicitada.

2.- As vivendas de protección oficial, e as equiparábeis a estas segundo a lei da comunidade autónoma, gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados dende o exercicio seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado en calquera momento anterior ao remate do prazo de tres anos e terá efectos desde o período seguinte ao da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como vivenda de protección oficial do inmoble e a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmoble.

3.- Terán dereito a unha bonificación do 90% ou 50% da cota íntegra do imposto, os suxeitos pasivos pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia, entendéndose como residencia habitual aquela na que figure empadroado e sempre e cando cumpran as seguintes condicións:

a) Se a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, no exercicio foran iguais ou inferiores ao Índicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), a bonificación será do 90%.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

b) Se a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros sexa inferior ou igual o IPREM multiplicado por 2 e superior a cantidade prevista no apartado a) a bonificación será do 50%.

c) Os suxeitos pasivos deberán acreditar a renda neta da unidade familiar ou autorizar a petición de datos á Axencia Tributaria. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que os ditos ingresos.

*d) A condición de familia numerosa acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.*

Esta bonificación terá carácter rogado e fornecerá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite ante o Concello o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. Dita bonificación manterase ata o periodo impositivo no que se perda a condición de familia numerosa por calquera causa, vindo os suxeitos pasivos obrigados a comunicar á Administración dita circunstancia, sen perxuízo das facultades de comprobación e inspección da Administración.

**Artigo 4º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, xeral tributaria.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial de Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2023 e se manterá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa."

**TERCEIRO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados, segundo establece o artigo 18 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello *www.pontedeume.gal*

**CUARTO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo ata entón provisional, é definitivo, en base ao establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sen necesidade de novo acordo plenario.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**QUINTO.-** Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido da Ordenanza fiscal, publíquese no taboleiro de anuncios do concello, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e na sede electrónica deste concello. Así mesmo, o devandito acordo de aprobación definitiva notificarase a aqueles interesados que presentasen alegacións, de ser o caso.

**SEXTO.-** Que o acordo e o texto da Ordenanza fiscal, comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro

**SÉTIMO**.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

**REMATE DA SESIÓN**

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

**DILIXENCIA DE APROBACIÓN**

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 24 de novembro de 2022, segundo o borrador asinado o día 21.11.2022 Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 16/01/2023 09:57:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 16/01/2023 11:46:00)
Versión imprimible
CVD: Xd8Chb87NyHROxg2p2be
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.